

FAMILIA *PLUTEACEAE* NA MICOTECA LOU-FUNGI: REVISIÓN NOMENCLATORIAL E TAXONÓMICA

por
A. JUSTO & M. L. CASTRO *

Resumo

Revísanse un total de 59 *exsiccata*, depositadas na micoteca LOU-Fungi, correspondentes os xéneros *Pluteus* e *Volvariella*. A maioría son recollidas en Galicia; pero algunhas proceden doutras provincias españolas, Cáceres, Gerona, Granada, Zamora, e da portuguesa, Beira Litoral. Cítanse por primeira vez para Galicia *Pluteus petasatus* e *Volvariella murinella*.

Palabras clave: Península Ibérica, Galicia, coroloxía, taxonomía, *Pluteus*, *Volvariella*.

Summary

In the LOU-Fungi herbaria 59 *exsiccata* are revised, belonging to the genera *Pluteus* and *Volvariella*. The majority are collected in Galicia, but some belong to other spanish provinces: Cáceres, Gerona, Granada, Zamora, and the portuguese province, Beira Litoral. *Pluteus petasatus* and *Volvariella murinella* are new mentions for Galicia.

Keywords: Iberian Peninsula, Galicia, chorology, taxonomy, *Pluteus*, *Volvariella*

INTRODUCCIÓN E OBXETIVOS

Neste traballo revísanse as coleccións depositadas na micoteca LOU-Fungi, pertencentes a familia *Pluteaceae* Kotl. et Pouzar.

No sentido clásico esta familia comprende os xéneros *Brauniella*, *Chamaeota*, *Sinotermitomyces*, *Pluteus* e *Volvariella* (HAWKSWORTH et al.,

1995), dos cales en Galicia só se atopan representados os dous últimos, aínda que a tendencia actual propón a súa inclusión na familia *Amanitaceae* Heim ex Pouzar (KIRK et al., 2001).

METODOLOXÍA

Nas *exsiccata* realízase a descrición macroscópica dos caracteres

* Dep. Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo. Facultade de Ciencias. Universidade de Vigo. As Lagoas-Marcosende. E-36200. Vigo. e-mail: fjusto@uvigo.es; lcastro@uvigo.es

observables, axudados polas notas manuscritas adxuntas con datos anotados en fresco e posteriormente, a microscópica coa axuda dun microscopio óptico a campo claro, con contraste de fases e obxectivo *Nomarski*. As estruturas observadas mídense e debuxanse, ou fotografíanse dixitalmente.

As preparacions realízanse seguindo as técnicas básicas para este tipo de estudos (MORENO et al., 1986), utilizando reactivo de Melzer, hidróxido potásico ó 10% e Vermello Congo en auga (1-2%), entre outros. Con toda esta información procédese a identificación do material.

A continuación analízase a evolución nomenclatural, co fin de localizar a súa correspondencia actual; para o que se usaron obras de carácter xeral: MOSER (1980), COURTECUISE (1994), HAWKSHORTH et al. (1995) e BREITENBACH ET KRÄNZLIN (1995), e outras específicas: VELLINGA (1990), BOEKHOUT (1990), ORTON (1974, 1986), CITÉRIN ET EYSSARTIER (1998) e BONNARD (1987, 1991). Tanto a abreviatura das obras como dos autores están normalizadas polo TL2 e por BRUMMIT ET POWELL (1992), respectivamente.

Por último, compáranse os datos anotados na *exsiccata* coa información corolóxica relativa a Galicia, recollida na base de datos GALICIA.mdb, xestionada no Lab. de Micoloxía da Univ. de Vigo e parcialmente publicada por SOLIÑO et al. (1999, 2001).

RESULTADOS

No catálogo figuran os 10 taxa pertencentes os xéneros *Pluteus* e *Volvariella* representados na micoteca LOU-Fungi, acompañados da seguinte información:

- Nome actual cos autores e o protólogo, seguido dos sinónimos

usados con máis frecuencia na bibliografía, nomes excluídos e mal aplicados.

- Relación das *exsiccata* estudadas. Entre corchetes o subnómine co que figura na micoteca, se é diferente ó actualizado ou se trata doutro taxon. En primeiro lugar aquelas que puideron ser identificadas e, posteriormente, as que non se atopan en bo estado de conservación e que, por conseguinte, non puideron comprobarse.
- Algunhas aclaracións nomenclaturais e/ou taxonómicas que xurdiron ó longo da análise.
- E, por último, engadese a información corolóxica relativa o taxon en Galicia.

PLUTEUS Fr., Fl. Scan.: 338. 1835

***Pluteus atromarginatus* (Singer) Kühner, Bull. Mens. Soc. Linn. Lyon 4: 51. 1935**

≡ *P. cervinus* var. *atromarginatus* Singer, Z. Pilzk 4: 40. 1925 [basión]; *P. cervinus* subsp. *atromarginatus* (Singer) Konrad, Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France 43: 148. 1927

= *P. tricuspidatus* Velen., Novit. mycol: 143. 1939; *P. cervinus* var. *nigrofloccosus* R. Schulz, in Verh. Bot. Vereins Prov. Brandenburg 54: 102. 1913; *P. nigrofloccosus* (R. Schulz) J. Favre, Assoc. fong. Hauts-Marais: 104. 1948

- *P. umbrosus* sensu Quél., Mém. Soc. Émul. Montbéliard, ser II, 5: 437. 1876; sensu Bres., Fungi trident. 2: 11. 1892; sensu Farl. & Burt, Icon Farl: pl. 44. 1929; *P. cervinus* var. *umbrosus* sensu J. E. Lange., in Dansk Bot. Ark 9(6): 79. 1938
[nomes mal aplicados]

Coleccións confirmadas: A Coruña: Santiago, sobre tocón de *Pinus pinaster*, 19-I-1986, L. Freire & M.

Castro, LOU-Fungi 2709 [sub. *P. luctuosus*]; Corcubión, Finisterre, bosque de *Pinus*, 3-XI-1983, L. Freire & M. Pérez-Froiz, LOU-Fungi 6267 [sub. *P. luctuosus*]; San Andrés de Teixido, bosque de *Pinus pinaster*, 26-XI-1988, A. Zaera & L. Rodríguez, LOU-Fungi 4437 [sub. *P. luctuosus*]. Pontevedra: Vigo, Saians, sobre madeira, 6-XII-2001, X. Varela, LOU-Fungi 17309; Vigo, Zamáns, sobre tocón de *Pinus pinaster*, 9-XI-1980, C. Castro, LOU-Fungi 2710 [sub. *P. atricapillus*]; Sta. María de Oia, 15-XII-2001, X. Varela, LOU-Fungi 17382; Cangas, Cabo Home, bosque de *Pinus*, dunar, 18-X-1993, J. Rodríguez-Vázquez & L. Freire, LOU-Fungi 7093 [sub. *P. tricuspidatus*].

Coleccións non confirmadas: A Coruña: Brión, Adoufe, sobre tocón, 25-X-1977, L. Cabo, LOU-Fungi 2715. Pontevedra: Vigo, Samil, sobre tocón

de *Pinus pinaster*, 14-1-1984, L. SUAREZ et al., LOU-Fungi 2706 [sub. *P. tricuspidatus*].

A única referencia a este taxon en Galicia pódemola atopar no material depositado na micoteca MA-FUNGI (PANDO, 2002).

Todas as *exsiccata* depositadas na micoteca baixo o nome de *Pluteus luctuosus*, corresponden en realidade con *Pluteus atromarginatus*. A LOU-Fungi 2710 estaba identificada como *Pluteus cervinus* [sub. *P. atricapillus*]; aínda que a presenza de fíbulas e a arista da lámina de cor negra indican que en realidade trátase de *P. atromarginatus*. Por conseguinte, as citas correspondentes a *Pluteus luctuosus*, recopiladas en SOLIÑO et al. (1999), deben modificarse xa que están baseadas no material de micoteca revisado como *P. atromarginatus*.




Fig. 1. *P. atromarginatus*: queilocistidios (dta.) e elementos da pileipellis (escala = 20µm).

***Pluteus cervinus* (Schaeff.) P. Kumm., Führer Pilzk: 138. 1971**

≡ *Agaricus cervinus* Schaeff., *Fung. Bavar. Palat. nasc.* 4: 6 1774 [basion], non *A. cervinus* Hoffm: Fr., *Syst. Mycol.* 1: 82. 1821 (= *Clitocybe* sp.)
= *P. atricapillus* (Batsch) Fayod, *Ann. Sci. Nat. Bot. ser. VII*, 9: 364. 1849;

P. curtisii (Berk.) Sacc., *Syll. Fung* 5: 675. 1887; *P. atricapillus* var. *albus* Vellinga, *Persoonia* 12: 342. 1985
- *P. curtisii* sensu Singer *Trans. Brit. Mycol. Soc.* 39: 160. 1956, sensu M.M. Moser, *Röhrlinge Blätterpilze* 5. Aufl.: 214. 1983 (en ambos casos = *P. petasatus*) [nomes excluídos]

Colecciones confirmadas: A Coruña: Santiago, Selva Negra, sobre tocón de *Pinus pinaster*, 26-XII-1973, *L. Freire*, LOU-Fungi 2713 [sub. *P. atricapillus*]; ibidem, 5-XI-1975, LOU-Fungi 2720 [sub. *P. atricapillus*]; ibidem, 8-XI-1981, LOU-Fungi 2717; ibidem, sobre tocón de *Quercus robur*, 18-IX-1986, LOU-Fungi 2716 [sub. *P. atricapillus*]; Santiago, Santa Susana, sobre tocón de *Quercus robur*, 17-II-1982, *L. Freire*, LOU-Fungi 2722 [sub. *P. atricapillus*]; Santiago, Campus Universitario, sobre tocón, 28-XI-1974, *L. Freire*, LOU-Fungi 2721 [sub. *P. atricapillus*]; Santiago, Pedroso, sobre tocón de *Eucalyptus globulus*, 11-XI-1989, *L. Freire*, LOU-Fungi 4201 [sub. *P. atricapillus*]. Lugo: Pedrafita do Cebreiro, Liñares, sobre *Fagus sylvatica*, 9-X-1985, *A. Prunell et al.*, LOU-Fungi 2707 [sub. *P. atricapillus*]. Ourense: Castro Caldelas, Aleda, sobre cepa de *Betula*, 24-IV-1993, *M. Castro et al.*, LOU-Fungi 4498; Os Peares, Ferreira

de Pantón, sobre árbol muerto, 23-XII-1993, *R. González*, LOU-Fungi 7549. Pontevedra: Vigo, Camiño de Gonderan, sobre tocón de *Alnus glutinosa*, 19-XII-1995, *J. Rodríguez-Vázquez*, LOU-Fungi 8401; Redondela, sobre madeira sin precisar, 29-V-1994, *A. Matilde*, LOU-Fungi 8735; Lalín, As Cruces, sobre *Betula viva*, 30-III-1986, *M. Pérez-Froiz*, LOU-Fungi 6011; Coveliño, sobre madeira (en bosque de *Q. robur*), 26-X-1997, *P. Comesaña & A. Soliño*, LOU-Fungi 17303; Cangas, Cabo Home, bosque de *Pinus*, dunar, 10-11-2001, *A. Justo et al.* LOU-Fungi 17304; Vigo, Saiáns, sobre madeira de caducifolio, 5-X-2000, *X. Varela*, LOU-Fungi 17305; Mondariz, sobre árbol caído, 20-XI-1996, *M.A Fernández*, LOU-Fungi 17306; Mondariz, Fraga de Aboal, sobre rama de *Q. robur*, 10-I-1998, *M.A Fernández*, LOU-Fungi 17307; Mondariz, Fraga de Aboal, sobre madeira, 2-IX-1997, *M.A Fernández*, LOU-Fungi 17308.



Fig. 2. *P. cervinus*: pleurocistidios (escala = 20 µm)

Colecciones non confirmadas: A Coruña: Santiago, Pedroso, sobre tocón de *Quercus robur*, 22-X-1982, *J. Fernández*, LOU-Fungi 2718 [sub. *P. atricapillus*]; Carballo, sobre tocón de *Pinus pinaster*, 26-XII-1981, *L. Freire*, LOU-Fungi 2711 [sub. *P.*

atricapillus]; Brión, Adoufe, sobre tocón de *Quercus robur*, 3-X-1980, *L. Cabo*, LOU-Fungi 2719 [sub. *P. atricapillus*]; Valdoviño, sobre tocón de *Pinus pinaster*, 22-X-1983, LOU-Fungi 2712 [sub. *P. atricapillus*]. Lugo: Vilalba, Torre, sobre tocón, 19-

XI-1978, *L. Freire*, LOU-Fungi 2708 [sub. *P. atricapillus*].

Especie ampliamente citada para toda Galicia (SOLIÑO et al., 1999: 29).

***Pluteus leoninus* (Schaeff.: Fr.) P. Kumm., Führer Pilzk: 98. 1871**

≡ *A. leoninus* Schaeff.: Fr., Syst. Mycol. 1: 1821[basion]

= *P. sororius* (P. Karst.) P. Karst., Ryssl. Finl. Skand. Halföns Hattsvamp.: 254. 1879; *P. luteomarginatus* Rolland, Bull. Soc. Mycol. France 5: 167. 1889; *P. fayodii* Damblon, Darimont & Lambinon, *Lejeunia* 21: 93 1959 [1957]; *P. flavobrunneus* J. Favre, Cat. descr. Champ. sup. Zone subalpine: 589. 1960

- *P. leoninus* sensu Romagn. [in Kühner & Romagn.], Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France 72: 233. 1956; sensu P. Karst., Ryssl. Finl. Skand. Halföns Hattsvamp.: 257. 1879; sensu Singer, Beih. Bot. Centralbl. 46(2): 105. 1930; sensu Imai, J. Fac. Agric. Hokkaido Imp. Univ. 43: 163. 1938 (en todos os casos = *P. chrysophaeus*) [nomes excluídos]

Coleccións non confirmadas: Lugo: Monforte, Rubián, hábitat sin precisar, 5-XI-1983, *M. Martínez Campos*, LOU-Fungi 4368.

A especie foi mencionada para Lugo (SOLIÑO et al., 1999: 29); pero o material de esta cita non se conserva.

***Pluteus petasatus* (Fr.) Gillet, Hymen: 395. 1874**

≡ *Agaricus petasatus*, Fr. Epicr. Syst. Mycol.: 142. 1838 [basión]

= *P. patricius* (Schulz.) Boud., Icon. Mycol. (Boudier) 1: pl. 87. 1904; *P.*

straminophilus Wichanský, Mykol. Sb. Praha 45: 119. 1968

- *P. curtisii* sensu Singer in Trans. Brit. Mycol. Soc. 39: 160. 1956, sensu M.M.Moser Röhrlinge Blätterpilze 5. Aufl.: 214. 1983; *P. pellitus* sensu Ricken, Blätterpilze: 277. 1913 [nomes mal aplicados]; *P. petasatus* sensu Ricken, Blätterpilze: 277. 1913 (= *P. salicinus*) [nome excluído]

Coleccións confirmadas: A Coruña: Brión, Adoufe, sobre tocón, 17-IX-1979, *L. Cabo*, LOU-Fungi 2714; Santiago, San Antolín de Toques, sobre madeira, 7-X-1985, *F. Cabo*, LOU-Fungi 4123. Cáceres: Monfragüe, Villareal de san Carlos, sobre *Quercus suber*, 18-IV-1994, *R. González*, LOU-Fungi 7570.

Coleccións non confirmadas: [Pontevedra, Marín?], 20-III-1990, sobre serrín, *J. J. Moldes*, LOU-Fungi 4247

Especie non citada para Galicia.

***Pluteus romellii* (Britzelm.) Sacc., Syll. Fung.: 11. 1895.**

≡ *Agaricus romellii* Britzelm., Hymenomyc. Sudbayern 8: 5. 1891

= *P. nanus* var. *lutescens* (Fr.) P. Karst., Ryssl. Finl. Skand. Halföns Hattsvamp.: 256. 1879; *P. lutescens* (Fr.) Bres., Iconogr. mycol. 11: pl. 544, fig. 1. 1929; *P. nanus* subsp. *lutescens* (Fr.) Konrad & Maubl., Ic. sel. Fung. 6: 55. 1930; *P. splendidus* A. Pearson, Trans. Brit. Mycol. Soc. 35: 110. 1952

- *P. chrysophaeus* sensu Métrod, Rev. Mycol. (Paris) 7: 19. 1943 [nome mal aplicado]

Coleccións confirmadas: León: Cuevas de Valporquero, sobre madeira sin

precisar, 22-X-1995, *L. Cabo*, LOU-Fungi 5829.

Ainda que o material non se atopa nun bo estado de conservación foi confirmado coa axuda das notas adxuntas onde se indican as tonalidades amarelas do estipe.

***Pluteus salicinus* (Pers.: Fr.) P. Kumm., Führer Pilzk.: 99. 1871**
 = *Agaricus salicinus* Pers.: Fr., *Syst. Mycol.* 1: 202. 1821 [basión]
 - *P. salignus* sensu Fayod, *Ann. Sci. Nat. Bot. sér. VII*, 9: 364. 1889; *P. petasatus* sensu Ricken, *Blätterpilze*: 277. 1913 [nomes mal aplicados]

Coleccións confirmadas: Gerona: Requesens, Castell, sobre *Populus*, 7-XI-1995, *A. Prunell*, LOU-Fungi 8264.

Coleccións non confirmadas: Pontevedra: Silleda, hábitat sin precisar, 22-XI-1981, *N. Fernández Pena*, LOU-Fungi 4441.

Polo estudio da *exsiccata* LOU-Fungi 4441 non se pode afirmar que este taxon se atope en Galicia, xa que neste material non se atoparon fíbulas. Tendo en conta as características observadas, a pesar do mal estado do material, pode corresponder con *P. cervinus*.

***VOLVARIELLA* Speg., An. Mus. nac. Hist. nat. B. Aires 6: 119. 1899**

***Volvariella gloiocephala* (D.C.: Fr.) Boekhout & Enderle, Beitr. Kennt. Pilze Mitt. -Eur. 2: 78. 1986**
 = *A. gloiocephalus*, D.C.: Fr., *Syst. Mycol.* 1: 278. 1821 [basión]; *Volvaria gloiocephala* (D.C.: Fr.) Gillet, *Hymen*: 388. 1876; *V. speciosa* var. *gloiocephala* (D.C.: Fr) R. Heim, *Rev Mycol (Paris)* 1, Suppl,

89: 1936; *V. speciosa* f. *gloiocephala* (D.C.: Fr.) Konrad & Maubl., *Ic. sel. Fung.* 6: 52. 1924; *Volvariella speciosa* var. *gloiocephala* (D.C. : Fr.) Singer, *Lilloa* 22: 401. 1951 [1949]; *V. speciosa* f. *gloiocephala* (D.C.: Fr.) Courtecc., *Bull. Soc. Mycol. Nord* 34: 16. 1984
 = *Amanita speciosa* Fr., *Observationes mycol.* 2: 1. 1818; *Volvaria speciosa* (Fr.: Fr.) P. Kumm., *Führer Pilzk.:* 99. 1871; *Volvariella speciosa* (Fr.: Fr.) Singer, *Lilloa* 22: 401. 1951 [1949]; *A. emendatior* Berk & M.A. Curtis, *Ann. Mag. Nat. Hist. ser III*, 4: 288. 1859

Coleccións confirmadas: A Coruña: Corcubión, Finisterre, en prado, 12-XI-1983, *M. Pérez-Froiz & L. Freire*, LOU-Fungi 6349 [sub. *Volvariella speciosa*]. Pontevedra: Cangas, Cabo Home, sobre terra, bosque de *Pinus*, dunar, 10-XI-2001, *A. Justo et al.*, LOU-Fungi 17310; Cangas, baixo *Citrus limon*, 9-XI-1997, *A. Soliño*, LOU-Fungi 9321; Vigo, A Guía, en prado, 22-XI-1992, *L. Freire et al.*, LOU-Fungi 4026 [sub. *V. speciosa*]; Vigo, Sampaio, en huerta, 27-X-1994, *J. Rodríguez-Vázquez*, LOU-Fungi 4493 [sub. *V. speciosa*]; Vigo, Areal, borde de camiño, 25-X-1994, *L. Freire*, LOU-Fungi 7588 [sub. *V. speciosa* var. *gloiocephala*]; Vilagarcía de Arousa, en prado, 18-XI-1987, *E. Valdés-Bermejo*, LOU-Fungi 3013 [sub. *V. speciosa* var. *gloiocephala*]. Zamora: Puebla de Sanabria, en bosque de *Q. robur*, 19-X-1999, *M. Castro et al.*, LOU-Fungi 17311

Tamén se revisou unha *exsiccata* procedente de Portugal: Beira Litoral: Leiría, Marinha Grande, en marxe de duna, 10-XI-2000, *M. Castro*, LOU-Fungi 17312.

Especie citada amplamente para toda Galicia (SOLIÑO et al. 1999: 30).




Fig. 2. *P. cervinus*: pleurocistidios (escala = 20 µm)

***Volvariella bombycina* (Schaeff.: Fr.)**

Singer, in *Lilloa* 22: 401. 1951 [1949]
 ≡ *Agaricus bombycinus* Schaeff.,
Fung. Bavar. Palat. nasc. 4: 42.
 1774; *A. bombycinus* Schaeff.: Fr.,
Syst. Mycol 1: 277. 1821 [basion];
Volvaria bombycina (Schaeff.: Fr.) P.
 Kumm, *Führer Pilzk.*: 99. 1871;
Volvariopsis bombycina (Schaeff.:
 Fr.) Murrill, *Mycologia* 3: 281. 1911

Coleccións confirmadas: Pontevedra:
 Vigo, sobre madeira, 14-XII-1992, *L.*
Freire & J. Díz, LOU-Fungi 8748.
 Granada: Granada, Alhambra, hábitat
 sin precisar, 25-IX-1986, *L. Cabo*,
 LOU-Fungi 3904

Coleccións non confirmadas: A Coruña:
 Cambre, sobre pacas de *Pleurotus*, 20-
 X-1990, *L. Freire*, LOU-Fungi 4818.
 Pontevedra: Vigo, Castrelos, sobre
 madeira podrida, 19-X-1980, *J.*
Rodríguez-Criado, LOU-Fungi 3015.

Especie citada para Lugo e Pontevedra
 (SOLIÑO et al. 1999: 30).

***Volvariella bombycina* (Schaeff.: Fr.)**

Singer, in *Lilloa* 22: 401. 1951 [1949]
 ≡ *Agaricus bombycinus* Schaeff.,
Fung. Bavar. Palat. nasc. 4: 42.
 1774; *A. bombycinus* Schaeff.: Fr.,

Syst. Mycol 1: 277. 1821 [basion];
Volvaria bombycina (Schaeff.: Fr.) P.
 Kumm, *Führer Pilzk.*: 99. 1871;
Volvariopsis bombycina (Schaeff.:
 Fr.) Murrill, *Mycologia* 3: 281. 1911

Coleccións confirmadas: Pontevedra:
 Vigo, sobre madeira, 14-XII-1992, *L.*
Freire & J. Díz, LOU-Fungi 8748.
 Granada: Granada, Alhambra, hábitat
 sin precisar, 25-IX-1986, *L. Cabo*,
 LOU-Fungi 3904

Coleccións non confirmadas: A Coruña:
 Cambre, sobre pacas de *Pleurotus*, 20-
 X-1990, *L. Freire*, LOU-Fungi 4818.
 Pontevedra: Vigo, Castrelos, sobre
 madeira podrida, 19-X-1980, *J.*
Rodríguez-Criado, LOU-Fungi 3015.

Especie citada para Lugo e Pontevedra
 (SOLIÑO et al. 1999: 30).

***Volvariella murinella* (Quél.)**

Courtecq., *Bull. Soc. Mycol. Nord* 34:
 19. 1984

≡ *Volvaria murinella* Quél., *Compt.*
Rend. Assoc. Franc. Avancem. Sci.
 11: 391. 1883 [basion]; *Volvariella*
murinella (Quél.) M.M.Moser,
Blätter Bauchpilze, 1. Aufl.: 110.
 1953

- = *Volvariella murinella* f. *brevispora*
Boekhout, *Persoonia* 13: 204. 1896
- *Volvariella murinella* sensu Kühner &
Romagn., *Fl. Anal.*: 426. 1953
[nome excluído]

Coleccións confirmadas: Pontevedra:
Cangas, Cabo Home, bosque de *Pinus*,
dunar, 31-X-1986, J. Vieito, LOU-
Fungi 4352.

Especie non citada para Galicia

AGRADECEMENTOS

Este traballo está incluído no proxecto
Flora Micológica Ibérica e foi
parcialmente subvencionado pola
DGES (REN2002-04068-C02-01).

BIBLIOGRAFÍA

- BOEKHOUT, T. (1990) *Volvariella* in
BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOS,
M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.) *Flora*
Agaricina Neerlandica, vol. 2. A. A.
Balkema. Rotterdam.
- BONNARD, J. (1987) *Pluteus*
brunneoradiatus spec. nov. *Mycol.*
Helvetica 2(2): 141-154.
- BONNARD, J. (1991) *Pluteus primus*
spec. nov. (*Agaricales*,
Basidiomycètes). *Mycol. Helvetica* 4:
169-178.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. (1995)
Champignons de Suisse. Vol. 4.
champignons à lames, 2ème partie.
Mykologia. Lucerne.
- BRUMMITT, R. K. & POWELL, C. E.
(1992) *Authors of plant names.* Royal
Botanic Gardens. Kew.
- CASTRO, M. L. (1998) Annotated
checklist of the *Amanitaceae*
(*Agaricales*, Basidiomycotina) of the
Iberian Peninsula and Balearic Islands.
Mycotaxon 67: 227-245.
- CITERIN, M. & EYSSARTIER, G. (1998)
Clé analytique du Genre *Pluteus* Fr.
Doc. Mycol. 111(28): 47-65.
- COURTECUISE, R. (1994) *Les*
champignons de France. Guide
encyclopédique. Eclectis. Paris.
- HAWKSWORTH, D. L., KIRK, P. M.,
SUTTON, B. C. & PEGLER, D. N. (1995)
Ainsworth & Bisby's Dictionary of the
fungi. International Mycological
Institute. Egham, Surrey.
- KIRK, P. M., CANNON, P. F., DAVID, J. C.
& STALPERS, J. A. (2001) *Ainsworth &*
Bisby's Dictionary of the fungi. Cabi
Bioscience. Egham, Surrey.
- MORENO, G., GARCÍA MANJÓN, J. L. &
ZUGAZA, A. (1986) *Guía de los hongos*
de la Península Ibérica. 2 vols. Incafo.
Madrid.
- MOSER, M. M. (1980) *Guida alla*
determinazione dei funghi. Vol. 1º.
Polyporales, Boletales, Agaricales,
Russulales. Arti Grafiche Saturnia.
Trento.
- ORTON, P. D. (1974) The European
species of *Volvariella* Spegazzini.
Bull. Soc. Linn. Lyon. 43(9): 316-326.
- ORTON, P. D. (1986) *British fungus flora*
agarics and boleti, 4. Pluteaceae. Royal
Botanic Garden. Edinburgh.
- PANDO, F. (2002) Bases de datos en
línea de las colecciones de
criptógamas del Herbario Ma-Fungi:
[http://www.rjb.csic.es/herbario/crypto/](http://www.rjb.csic.es/herbario/crypto/crydbe.htm)
[crydbe.htm](http://www.rjb.csic.es/herbario/crypto/crydbe.htm)
- SOLIÑO, A., JUSTO, A. & CASTRO, M.L.
(1999) Recopilación bibliográfica
(1850-1997) de citas macromicológicas
de Galicia I: Ordes *Agaricales*,
Auriculariales, *Boletales* e
Cantharellales. *Mykes* 2: 3-73.
- SOLIÑO, A., JUSTO, A. & CASTRO, M.L.
(2001) Aportacións o catálogo
macromicoloxico galego (*Ascomycota*,
Basidiomycota): 1998-2000. *Mykes* 4:
37-62.
- VELLINGA, E. C. (1990) *Pluteus* in BAS,
C., KUYPER, TH.W., NOORDELOS,
M.E. & VELLINGA, E.C. (ed.) *Flora*
Agaricina Neerlandica, vol. 2. A. A.
Balkema. Rotterdam.